

- | | | |
|---|--|---|
| <p>1. Un domingo pola tarde cosendo estaba Carmiña sentada na aira ao sol e cantando a “Maruxiña”.</p> <p>2. Cando detrás dela oíu un rapaz que lle decía: –Parece que estás contenta pois Dios nos dea alegría!</p> <p>3. –Válgat’ o demo, Manolo que a fe me meteches medo pois co susto que levei clavei a agulla nun dedo.</p> <p>4. –Pois non t’ asustes, Carmiña porque ben o sabes tu que o meu lado non pereces como Dios me dé salú.</p> <p>5. –Quen se fía dos rapaces que sodes o quinto demo? Mais pa enganar as rapazas pareceis santos do Ceo.</p> <p>6. –Ai, pois logo as rapazas tamén sodes ben zalameiras que pa enganar os rapaces hasta pintais as orellas.</p> <p>7. Ides tan apretadiñas que pareceis parafusas que sodes as rapazas é un bon fato de bruxas.</p> <p>8. –Pois eu non sei si é por eso ou si é por mandado de Dios que os golfos dos rapaces ben corredes tras de nós.</p> <p>9. –Non é tanto como dices non seas pantomineira que coas modas que gastades logo non hai quen vos queira.</p> | <p>10. –Pois vós, si non as gastades só por ser tan calaveras que o que ganais non vos chega pa gastar en borracheras.</p> <p>11. –Tes unha lingua, Carmiña qu’ a fe chegaba pa sete cando borracho me viches pra decir o que dixeches.</p> <p>12. –Vinte no mes de febreiro polo día de san Blas que me pedías un bico i algunha cousiña máis.</p> <p>13. –Eu non era de borracho nin por cousa parecida que foi por querer probar a ver que tal gusto tiñas.</p> <p>14. –Pois boa pina levache que te quedache con ganas que eu non son desas rapazas que se fían en palabras.</p> <p>15. –Pois deixémonos de contos pa que pasar máis o tempo? Si che parece, Carmiña tratemos de casamento.</p> <p>16. –Xa fai tempo que dixeches que te querías casar pois si queres ter muller tes que sabela tratar.</p> <p>17. –Non desconfíes de min que te hei de tratar ben, Carmiña heiche dar bicos i abrazos i heiche frega-la barriga.</p> <p>18. –Moi mal faladiño eres non reparas en sacrificios pois si te casas comigo teño que sacarch’o vicio.</p> | <p>19. Por eso a min me convence casar contigo, Carmiña como eres ben educado* pra que me enseñes doutrina.</p> <p>20. –Pois, logo, casarnos pronto que eu doutrina seicha boa heite poñer istruído pa que entres en Barcelona.</p> <p>21. –Ai, eu xa iría agora si das permiso pra entrar –Non te anticipes, Manolo primeiro hai que se casar.</p> <p>22. Aquela noite Manolo non durmiu máis que unha hora anduvo arreglando asuntos que necesitaba prá voda.</p> <p>23. Ao cabo de cinco días xa estaba a voda trazada i o sábado máis cercano casaron de madrugada.</p> <p>24. E na mesma sacristía que estaba ben adornada eles i os acompañantes alí tomaron a parva.</p> <p>25. Deron as grazas a todos porque se portaron ben e dixéronlles onde iban pasar a luna de mel.</p> <p>26. Despedíronse de todos e tamén do señor cura e marcharon prá estación a cabalo dunha burra.</p> <p>*debería ser: <i>educada</i>.</p> |
|---|--|---|